

**Redobra esforzos para combater o cambio climático**

## **EROSKI COMPROMÉTESE A SER NEUTRA EN CARBONO NO 2050**

- **Anunciou o seu obxectivo de neutralidade en carbono no marco da súa adhesión ao *Código de conduta sobre negocio responsable de alimentos e prácticas de márketing* presentado hoxe pola UE en Bruxelas**
- **EROSKI adhírese aos sete obxectivos que marca o código da Unión Europea, que se aliñan cos seus *10 Compromisos en Saúde e Sustentabilidade***
- **Reduciu xa un 39% a súa pegada de carbono dende o 2017**

**Elorrio, 5 de xullo do 2021.-** [EROSKI](#) redobra os seus esforzos para combater o cambio climático co anuncio, hoxe, do seu ambicioso compromiso de alcanzar as cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro no 2050. Convértese así na primeira cadea de distribución alimentaria en España en marcar o obxectivo de neutralidade en carbono.

A compañía reforza a súa estratexia de sustentabilidade con esta revisión dos seus compromisos ambientais e faino no marco da súa adhesión ao [Código de Conduta sobre negocio responsable de alimentos e prácticas de márketing](#) presentado hoxe pola Unión Europea en Bruxelas -única firma de distribución en España que hoxe se sumou voluntariamente ao compromiso a carón doutras firmas líderes en Europa-. Trátase dun ambicioso marco de traballo en relación coa sustentabilidade do negocio alimentario que marca sete grandes obxectivos: a promoción de dietas saudables, equilibradas e sostibles; a prevención e redución do desperdicio de alimentos; a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro para alcanzar unha cadea alimentaria climaticamente neutra en Europa; a orientación da cadea alimentaria cara á economía circular e a eficiencia no uso de recursos; o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible; o traballo decente para todos os integrantes da cadea de valor, e mais a creación de valor sostible a través da asociación e a colaboración.

EROSKI subscribe todos os obxectivos marcados no devandito *Código de Conduta*, que se aliñan cos seus [10 Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#), decálogo que pivota arredor da seguridade alimentaria, da promoción dunha alimentación saudable a un prezo económico, da prevención da obesidade infantil, do fomento da sustentabilidade e da economía local, e da información ao consumidor. "*Aplaudimos*

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

**Sala de prensa online**



*esta iniciativa europea e adherímonos dende o primeiro momento a este Código de Conduta, animando a todos os integrantes do sector agroalimentario a que se sumen. Só o esforzo conxunto será efectivo ante a emerxencia climática e os imperativos da sustentabilidade", afirma o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.*

### **EROSKI avanza no seu compromiso na loita contra o cambio climático**

EROSKI reduciu a súa pegada de carbono máis dun 39% dende o 2017, o que supuxo evitar as emisións de 145.116 toneladas de CO<sub>2</sub> eq., é dicir, aproximadamente as emisións de máis de 120.000 coches novos en España circulando 10.000 km. Para iso levou a cabo unha serie de accións dende a perspectiva do ciclo de vida da organización, o que implica actuar en todas as fases da cadea de valor nas que a súa actividade ten un impacto no medio natural.

*"A pandemia puxo de relevo a importancia que os eventos da natureza poden chegar a ter no benestar social, pero á vez demostrou que é posible traballar en cooperación para reverter os seus efectos. Isto deberíanos animar para encarar con determinación, traballo e confianza outros grandes retos globais que non podemos ignorar, como é o cambio climático. Este compromiso que anunciamos hoxe, a neutralidade en carbono no 2050, e os plans que estamos a despreparar para facela posible, son coherentes coa nosa crenza de que a actividade empresarial cómpre exercela cun alto estándar de responsabilidade", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.*

A pegada de carbono de EROSKI, dispoñible na súa [Memoria de Sustentabilidade](#) anual elaborada segundo os estándares da Global Reporting Initiative e verificada por AENOR, componse de tres alcances distintos:

O alcance 1, que inclúe as emisións directas procedentes das actividades que EROSKI desenvolve, e que se reduciu un 21% dende o 2017 por mor da substitución de gases refrixerantes por outros con menor potencial de quecemento global, a mellora na climatización nas tendas e mais a optimización do transporte dos produtos aos puntos de venda. O actual modelo de transporte supuxo cambios na planificación de todas as rutas, o uso de vehículos menos contaminantes e a extensión da loxística inversa para a xestión circular dos residuos xerados. Isto súmase ás melloras de ecoeficiencia nos seus almacéns e instalacións loxísticas (coma as dúas últimas inauguradas por EROSKI, en Vitoria-Gasteiz e Barcelona, seguindo os criterios de construción e deseño sostibles do estándar LEED Ouro).

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

**Sala de prensa online**



Estas accións enmárcanse no plan de acción LEAN & GREEN de EROSKI, polo que foi premiado por parte da patronal do gran consumo, AECOC.

O alcance 2 refírese ás emisións indirectas polo consumo eléctrico, que se reduciron nun 58% dende o 2017. Esta importante mellora débese principalmente á adquisición de enerxía de orixe renovable e á optimización da eficiencia enerxética da rede de tendas de EROSKI, grazas ao uso de instalacións de frío de última xeración e ao sistema de iluminación LED con control centralizado, entre outras accións. Así, as máis de 975 tendas EROSKI de nova xeración consumen un 35% menos de electricidade ca unha tenda convencional.

O alcance 3 comprende o resto das emisións indirectas da organización, dende o impacto de consumibles, viaxes, xestión de residuos, consumo de auga (actividades en que a redución foi do 22% neste último exercicio) ata as debidas aos produtos e servizos que ofrece na súa oferta comercial, para as que está a aplicar estratexias concretas de redución de emisións, como a proposta comercial de produtos obtidos a través das mellores prácticas para o medio natural (certificados por Global G.A.P. ou MSC, de produción integrada, con certificación de benestar animal, de produción ecolóxica e con alta presenza dos contornos locais, dinamizando o sector agroalimentario do noso país), ou o ecodeseño dos seus envases e embalaxes para reducir a pegada plástica e mellorar a súa reciclabilidade, entre outras.

EROSKI presentará durante o último trimestre do ano unha detallada folla de ruta coas accións que vai acometer para alcanzar o obxectivo da súa neutralidade en emisións e o resto dos obxectivos marcados polo *Código de Conduta sobre negocio responsable de alimentos e prácticas de márketing* que hoxe asina.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

**Sala de prensa *online***